

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ <u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG.DE BORRALLADA S/N- CASTRO.-

Apróbase ratificar a cesión dunha finca cunha superficie de 50,00 m² (cincuenta metros cadrados), con destino a vial.

3 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. AVDA. SOUTO VIZOSO 200.-

Apróbase ratificar a cesión dunha finca cunha superficie de 293 m² (cincuenta metros cadrados), con destino a vial.

4 .- PROPOSTA PARA DAR CONTA DE VARIOS CONVENIOS APROBADOS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CON ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2016.-

Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 5 de decembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

“INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA DAR CONTA DA APROBACIÓN DE VARIOS CONVENIOS PARA O ANO 2016

De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón, ao longo do ano 2016, co obxecto de posibilitar un crecemento sostido e equilibrado das Entidades Deportivas do municipio, asinou convenios de colaboración, para levar a cabo dito crecemento, potenciando e difundindo a imaxe do noso Concello a través de ditas Entidades.

A aprobación dos convenios e a súa xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015 (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015).

Con motivo da urxencia de aprobación dos convenios coas entidades mais abaixo relacionadas, esta alcaldía abocou a dita delegación, aprobando os ditos convenios e os gastos que deles se derivan, mediante Resolución da Alcaldía, quedando pendente dar conta das citadas aprobacións á Xunta de Goberno Local.

- **Aprobación de Convenios:**

Convenios para actividades:

ENTIDADE	CONVENIO	DATA APROBACIÓN DO CONVENIO	IMPORTE CONVENIO
Club Cazadores A Faísca	Actividades de Canto de Páxaros Silvestres	R.Alcaldía – 09-11-2016	800,00 €
Club Atletismo Narón	Actividade Xeral de Atletismo	R.Alcaldía – 10-11-2016	28.000,00 €
Club Remo Narón	Actividade Xeral de Remo	R.Alcaldía – 28-11-2016	9.500,00 €
A.D.Santiago Apostol	Actividade Xeral de Baloncesto	R.Alcaldía – 28-11-2016	31.500,00 €

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.
- Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en curso.

C) INFORME-PROPOSTA

Polo exposto anteriormente, propónse dar conta á Xunta de Goberno Local, da aprobación dos Convenios citados anteriormente.

Non obstante, á Xunta de Goberno Local, adoptará o acordo que estime máis oportuno..”

Logo de ver o dito Informe - Proposta do administrador-xerente, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobación a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHOLICOS FERROLTERRA PARA O ANO 2016.- Vista a proposta formulada que di así: A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medioambiente, en data 07.12.2016, elevou a esta Concellería Delegada de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais, o informe de código MAM10I0VA que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIONS E MEDIO AMBIENTE

Asunto: aprobación do convenio coa entidade Asociación Exalcohólicos Ferrolterra para o ano 2016

A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio ambiente que subscribe, M^a Amparo Santamariña Vázquez, en relación co asunto de referencia emite o seguinte informe-proposta ao Concelleiro Delegado en Materia de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais para posterior elevación a Xunta de Goberno Local:

ANTECEDENTES

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social e da saúde por medio do convenio de colaboración coa Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra.

A Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra é unha entidade idónea para o desenvolvemento do programa “Intervención psicoeducativa en bebedores abusivos e/ou de risco do Concello de Narón”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento de 2016.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

Á VISTA DO ANTERIOR, A XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIÓNS E MEDIO AMBIENTE PROPÓN AO CONCELLEIRO DELEGADO DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL O SEGUINTE:

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento do programa “Intervención psicoeducativa en bebedores abusivos e/ou de risco do Concello de Narón” no ano 2016.”

Visto dito informe e logo da emisión do informe favorable adxunto de fiscalización da Intervención deste Concello (documento con código INT10I1CC), coas salvidades incluídas nel, o Concelleiro Delegado para os asuntos de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 .- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE XORDOS DE FERROL, ASOCIACIÓN AFAES PORTANOVA, E A ENTIDADE BBTB.- Vistas as propostas formuladas que din así: **PROPOSTA PRIMEIRA.**- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10IIE6), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, en materia de Promoción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas xordas e persoas con discapacidade auditiva.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas xordas.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Asociación de Persoas Xordas de Ferrol é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Esta entidade está declarada de utilidade pública e ten como finalidade fomentar a plena igualdade social das persoas xordas a través do seu empoderamento persoal, a eliminación das barreiras de comunicación, e todas aquelas accións que procuren o seu pleno desenvolvemento como membros activos/as da sociedade.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2201/16.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 2.500,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 2.500,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2201/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06O),fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10IIE6), deixando constancia da advertencia contida no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA SEGUNDA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1ES), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación de Familiares y Amigos de los Enfermos Psíquicos (AFAES-PORTANOVA), en materia de Promoción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas con enfermidades mentais e os seus familiares.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas con enfermidades mentais e os seus familiares.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste tipo de programa, o impacto positivo na comunidade con esta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Afaes nace no ano 1995 coa finalidade de desenvolver actividades que promovan a saúde e o benestar do enfermo mental, a recuperación psicosocial e laboral, a integración no medio no que vive, e o apoio aos familiares, mediante a axuda mutua, a xestión de recursos e o soporte social, polo que se considera idónea.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2200/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Familiares y Amigos de los Enfermos Psíquicos (AFAES-PORTANOVA), en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 10.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 10.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2200/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06M),fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10I1ES), deixando constancia das advertencias contidas no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA TERCEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1FR), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Grupo de Apoio a Lactancia Materna BBTA, en materia de Promoción Social.



A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de igualdade entre mulleres e homes, no ámbito social e da educación para a saúde, desde a perspectiva do aleitamento materno e a visibilización do rol da muller na sociedade actual.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social e da saúde por medio da igualdade entre mulleres e homes.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste tipo de programa, o impacto positivo na comunidade con esta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución dos programas.

O Grupo de lactancia materna BBTa foi fundado no ano 2005 coa intención de proporcionar información e apoio ás nais que queiran aleitar á súa descendencia, divulgar a importancia da lactancia materna, asesorar sobre a conciliación da vida familiar e laboral durante o período de aleitamento, protexer, promover e apoiar a lactancia materna, etc. Por todo isto se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2210/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1ªAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Grupo de Apoio a Lactancia Materna BBTa, en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 1.000,00€

2ªAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 1.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2210/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06J),fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10I1FR), deixando constancia da advertencia contida no informe de fiscalización .Todo elo sin prexuício de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 .- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN NOSA SEÑORA DE CHAMORRO, ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (AFAL) E A ASOCIACIÓN PARKINSON FERROLTERRA.- Vistas as propostas formuladas que din así:

PROPOSTA PRIMEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1EY), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Asociación Nosa Señora de Chamorro, en materia de Promoción Social



A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas afectadas de discapacidade psíquica, física e/ou sensorial.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas por diversidade funcional.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que contan con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Asociación Nuestra Señora de Chamorro é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas con discapacidade psíquica, física e/ou sensorial e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2208/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1º Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación Nosa Señora de Chamorro, en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 12.000,00€

2º Aprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 12.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2208/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06K), fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016, a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10I1EY), deixando constancia das advertencias contidas no informe de fiscalización. Todo elo sin prexuízo de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA SEGUNDA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1DN), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas (AFAL), en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón, a través do Servizo sociocomunitario municipal leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas con demencias neurodexenerativas e os seus familiares.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover non seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, e os seus familiares.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste tipo de programa, o impacto positivo na comunidade con esta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución dos programas.

Afal Ferrolterra traballa na comarca desde o ano 1997 ofrecendo un servizo completo para acadar a mellora na calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias, así como as súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2202/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas (AFAL), en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 6.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 6.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2202/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06P),fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10I1DN), deixando constancia das advertencias contidas no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA TERCEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1DK), que textualmente dí:

INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación Parkinson Ferrol-Ferrolterra en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas afectadas de parkinson.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas polo parkinson.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.



A Asociación Parkinson Ferrolterra é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención aos enfermos con esta doenza e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2191/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1º Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación Parkinson Ferrol-Ferrolterra, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 2.000,00€

2º Aprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 2.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2191/16.

Logo de ver o informe de intervención (doc FIS10I06L),fiscalizando de conformidade en data 12-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 12-12-2016 (doc SSO10I1DK), deixando constancia da advertencia contidas no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesourería Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE NARÓN.- Vista a proposta formulada que di así:

TIPO DE DOCUMENTO	INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EXPEDIENTE	ECO/6/2016
DESTINATARIO	Alcaldía/Promoción Económica
ASUNTO	Aprobación do convenio

En relación ao expediente e asunto indicados, quen subscribe expón os seguintes

ANTECEDENTES:

Dende hai anos este concello colabora coa Asociación de Comerciantes de Narón para a execución dun programa de desenvolvemento de diversas actividades para promover o comercio desta cidade.

O obxectivo deste convenio é o de potenciar unha maior fluidez e colaboración con todo o comercio local e animar a tódolos habitantes de Narón a conseguir o obxectivo común de promocionar o comercio da cidade, mediante a utilización de ferramentas estratéxicas de prosperidade e futuro para o comercio local.

Esta axuda aparece consignada na Base de execución nº 45 dos orzamentos deste exercicio coa seguinte previsión:

Partida	Área de Goberno	Concepto	Total
20 43300 48000	Infraestruturas e Promoción Económica	Convenio Comerciantes de Narón	9.000,00 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Resultan de aplicación, no tocante ao contido e aprobación do convenio, as seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en curso.

Polo anteriormente exposto o que subscribe solicita á Alcaldía que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación de Comerciantes de Narón nos seguintes termos:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A SOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE NARÓN

CAPÍTULO 1: Identificación dos subscritores do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte: Don José Manuel Blanco Suárez, que actúa en nome e representación do Concello de Narón, con CIF. P-1505500-G, na súa condición de Alcalde-Presidente do mesmo.

Doutra parte: D^a Olga Ameneiro López, con DNI: 32.687.535-G, na súa condición de Presidenta da Asociación de Comerciantes de Narón, con CIF: G-70180070.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Convenio

Resulta dun indubitativo interese para ámbalas dúas partes asinantes deste convenio a execución dun programa de desenvolvemento de diversas actividades para promocionar o comercio desta cidade, mediante a utilización de ferramentas estratéxicas de prosperidade e futuro para o comercio local, coa fin de conseguir actuacións que dalgún xeito contribúan á dinamización do comercio e da economía local a través de fórmulas imaxinativas que conleven unha maior participación cidadá.

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto deste convenio é potenciar unha maior fluidez e colaboración con todo o comercio local e animar a tódolos habitantes de Narón a conseguir o obxectivo común de promocionar o comercio da cidade, mediante a utilización de ferramentas estratéxicas de prosperidade e futuro para o comercio local. Serán subvencionables os gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2016 ao 23 de decembro de 2016

CAPÍTULO 4. Descrición do convenio:

O presente convenio permitirá desenvolver:

- 1. Campañas comerciais para dar visibilidade ao comercio de Narón*
- 2. Asesoramento técnico e xurídico*

3. Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento das actividades especificadas na memoria presentada que se realicen entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 23 de decembro de 2016

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

- A achega económica reflectida no capítulo 6.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

- Infraestrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, nos períodos que abrangue o convenio.
- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente, se fose necesario.
- Achega dos materiais que fosen precisos.
- Organización e xestión do programa conveniado.

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas da Asociación de Comerciantes de Narón:

1º.- Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do proxecto a desenvolver, incluído un presuposto estimativo de gastos e ingresos
- Declaración responsable de estar legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados (Anexo A1).
- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).
- Certificados do/a presidente/a de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, e coa Seguridade Social
- Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).
- Documento emitido por entidade financeira dos datos bancarios da entidade.
- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de contar cun seguro de responsabilidade civil e/ou de accidentes para o período de celebración das actividades obxecto deste convenio (Anexo A6).

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a xustificación do convenio, ata o día 23/12/2016, segundo o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón:

- Pequena memoria das accións desenvolvidas. A memoria de actividades deberá contemplar a estrutura descrita no Anexo A7.
- Certificado do Secretario da entidade de execución da actividades obxecto do convenio
- Declaración responsable do/a Presidente/a de concorrencia ou non concorrencia con outras axudas, convenios, etc.. municipais, para a mesma finalidade (Anexo A8).
- Memoria económica (Anexo A9, Anexo A9-I, Anexo A9-2).

- *Certificación da entidade aseguradora na que conste que durante o período de celebración das actividades obxecto deste convenio, estiveron cubertas por unha póliza de seguro.*
- *Certificados de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, e coa Seguridade Social*
- *Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).*
- *Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no at. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).*
- *Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).*
- *Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).*

1. *A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.*

4º.- Outras obrigas

- *Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

CAPÍTULO 6. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Narón asume en concepto de contribución municipal a cantidade de 9.000,00 €.
Terá a consideración de subvención nominativa e como tal aparece recollida nos orzamentos desta entidade para o presente exercicio con cargo á aplicación 20.43300.48000
O pagamento realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación do convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

CAPÍTULO 7 : Vixencia, revisión e resolución.

- **Vixencia.** *O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende 01/01/2016 ata o 31/12/2016 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento*
- **Revisión, causas e contidos.** *O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.*
- **Resolución.** *Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.*

CAPÍTULO 8: Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- *O/a concelleiro/a de Promoción Económica*
- *O/a xefe/a do Gabinete de Alcaldía*



- O/a presidente/a da Asociación de Comerciantes de Narón (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPITULO 9. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente doutra área ou doutra concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 10: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón.*
- *Bases de execución do rozamento do exercicio 2016.*

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do conveniado.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón; e nas Bases de execución do rozamento do exercicio 2016.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Narón, o día _____ de _____ de 2016

O Alcalde

A presidenta da Asociación de Comerciantes de Narón



José Manuel Blanco Suárez

Olga Ameneiro López

SEGUNDO: Facultar a este Alcalde, José Manuel Blanco Suárez, para a sinatura do conveniente e dos restantes documentos en que así proceda en relación ao mesmo, e como representante ante a entidade conveniente para a realización dos trámites necesarios para executar o mesmo de xeito satisfactorio.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo aos Servizos Económicos do Concello, así como á entidade conveniente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9 .- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 11/15; B 18/15; B 19/15; B 22/15;- Dase conta de diversos cargos por esas actuacións

10 .- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POR OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.-

Desestímase o recurso de reposición interposto polo titular dun local por terse interposto fora do prazo marcado pola lexislación vixente, e porque o solo no que se ubica a terraza dese local é de titularidade pública segundo informe do técnico municipal.

11 .- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POR OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.-

Estímase o recurso de reposición interposto polo titular dun local e dase de baixa no Padrón Fiscal por OVP con mesas, cadeiras e elementos análogos con finalidade lucrativa á entidade representada polo recorrente, anulando o recibo correspondente á taxa pola colocación da terraza no ano 2016.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI